

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	CABANA DE BERGANTIÑOS
Edificio	Igrexa de San Martiño de Riobó
Dirección	Lugar de Riobó, s/n. 15149
	43.182530 -8.857322
Protección	
Descrición	<p>Esta capela era independente da parroquia, ata que, ante a imposibilidade de prestarlle atención de modo conveniente, pasou a formar parte da mesma, e foi atendida polo párroco de Riobó. No mesmo lugar onde está asentada existiu, anteriormente, un mosteiro; na actualidade, o retablo que posúe, de características barrocas, é unha copia daquel primeiro que existía no mosteiro.</p> <p>Esta construción é un máis dos claros exemplos da arquitectura popular, de carácter relixioso, que se encontran en Cabana, de aí a súa gran similitude con outros templos enclavados no concello. Posúe unha planta de salón formada por unha capela maior cuadrangular e unha nave rectangular. Apegada ó muro norte da ábsida encóntrase a sancristía, rectangular. No muro sur ábrese unha pequena xanela rectangular e unha porta alintelada. Tanto a nave como a ábsida cóbrense cun ceo raso de madeira. A estrutura da cuberta é a dúas augas, con tella curva do país.</p> <p>A fachada principal, de extremada sinxeleza e sobriedade presenta as constantes deste tipo de edificación no concello: porta principal, rectangular, sobre a que se abre un pequeno oco que proporciona unha tenue luminosidade ó interior e, como remate, unha espadana de dous ocos, rematada en pináculos, e na que se sitúan as campás.</p> <p>A fachada e a sancristía datan do século XVIII e XIX. O resto do templo sería do século XII ou principios do século XIII.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	11-01-2026

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Espadana	<u>Menor.</u>	<u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u>	1930	50	72
Espadana	<u>Maior.</u>	<u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u>	1930	65	159

Información completa: [Igrexa de San Martiño de Riobó - CABANA DE BERGANTIÑOS \(GALICIA\)](#)

PDF (26-06-2026)